

O próximo **sábado día 17 de abril** terán lugar na Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con, (Vilagarcía de Arousa). as XI Xornadas de formación de coordenadores/as do Proxecto Ríos. Logo de cumprir 5 anos de andaina, dende o Proxecto Ríos deseñouse un plano estratéxico para enfocar o traballo dos vindeiros anos. Un dos obxectivos que nos marcamos dende a coordinación do proxecto é a renovación dos materiais de inspección, fundamentalmente do Manual de Inspección. Modificamos algúns aspectos da metodoloxía para adaptar os resultados ás necesidades da Directiva Marco da Auga. Queremos aproveitar as xornadas para presentavos estes cambios. Descarrega o cartaz **XI Xornada de Formación abr-2010 (0,6 MB)**

As xornadas serán logo o foro no que o voluntariado do Proxecto Ríos que o desexe faga aportacións e avalie os cambios propoñendo melloras, etc…. Os materiais de inspección están deseñados para vos polo que consideramos moi importantes as vosas suxestións. Por iso, animámosvos a participar neste curso de formación na que revisaremos os cambios na metodoloxía.

A sesión da tarde adicaremola como outros anos ao recoñecemento dos macroinvertebrados, especies fundamentais no noso traballo.

PROGRAMA DAS XI XORNADAS DE FORMACIÓN

11.00 -Chegada e entrega de material

11.30 -Presentacións dos novos materias de inspección, metodoloxía, novos reactivos, etc

12.00 Dinámica participativa para avaliar os materiais

13.00 Saída ao río para avaliar os novos reactivos

14.00 Xantar

15.30 Saída ao río e recoñecemento de macroinvertebrados

19.00 Clausura do curso

Dado que hai un número limitado de plazas é preciso inscribirse, tanto por teléfono: 981.57.00.99 como através do correo electrónico (mariaxose@adega.gal, viqui@adega.gal).

A inscripción é gratuíta, só tedes que levar a comida.